

MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA**ACTA DA 4ª XUNTANZA****SERVIZO DE CAFETERÍA DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES**
(procedemento aberto)

No Salón Verde da Casa Consistorial, reúnese a Mesa de Contratación, o 18 de xaneiro de 2017 ás 14.35 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Jorge Duarte Vázquez

Vogais: Don Xan Duro Fernández, representante de CA
Don Claudio Montiel Carracedo, representante do PP
Don Gonzalo Muíños Sánchez, representante do PSOE
Don José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade
Don Antonio Padín Tuimil, técnico da Sociedade


Secretario: Don Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, secretario xeral do pleno

Non asisten: Don Ruben Cela Díaz e Dona Inmaculada Viña Carregal

ORDE DO DÍA**1. Cualificación da documentación presentada polo licitador proposto para a adxudicación (Ayaso Sainz Alberto 000569266 B SLNE)**

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación presentada polo licitador proposto como adxudicatario, **Ayaso Sainz Alberto 000569266 B SLNE**, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Sen mais asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 14.50 horas. Dou fe.



MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA

ACTA DA 3ª XUNTANZA

SERVIZO DE CAFETERÍA DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES
(procedemento aberto)

No Salón Verde da Casa Consistorial, reúnese a Mesa de Contratación, o 26 de decembro de 2016 ás 13.07 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Jorge Duarte Vázquez ✓
Vogais: Don Xan Duro Fernández, representante de CA
Don Claudio Montiel Carracedo, representante do PP
Don Gonzalo Muíños Sánchez, representante do PSOE
Don Ruben Cela Díaz, representante do BNG
Don José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade
Don Antonio Padín Tuimil, técnico da Sociedade

Secretario: Don Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, secretario xeral do pleno

Non asiste: Dona Inmaculada Viña Carregal

ORDE DO DÍA

1. Valoración da proposición económica e oferta relativa aos criterios de adjudicación avaliados mediante cifras ou porcentaxes e proposta de adjudicación.

A mesa de contratación procede coa análise do informe valorativo sobre a documentación do sobre 2, informe que se acompaña á presente acta.

Dito informe conclúe co seguinte cadro de puntuación final:


LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	MELLORAS	TOTAL
JOPABEL, S. COOP. GALEGA	11,00	5,00	16,00
AYASO SAINZ ALBERTO 000569266 B SLNE	55,00	0,00	55,00

Da análise do referido informe despréndese que a empresa que acada a máxima puntuación no proceso e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas, é a do licitador **AYASO SAINZ ALBERTO 000569266 B SLNE**.

De conformidade cos termos do informe, e mesas anteriores, ACÓRDASE propoñer como adxudicataria á empresa **AYASO SAINZ ALBERTO 000569266 B SLNE**, que ofertou un canon mensual de 1.500 euros (máis o IVE) e un canon por instalación de máquinas de vending, correspondente á instalación de 5 máquinas (a razón de 50 €/mes por cada máquina).

Procederáse de acordo coa cláusula 17 do prego de condicións de aplicación, aos efectos de que presenten a documentación que recolle a devandita cláusula no prazo de 10 días naturais desde que reciban o requirimento do director xerente.

Sen mais asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 13.09 horas. Dou fe.

The image contains several handwritten signatures in blue ink. On the left side, there are three distinct signatures: a large, complex one at the top, a smaller one in the middle, and another at the bottom. On the right side, there are two more signatures, one large and one smaller. At the bottom center, there is a fourth signature. The signatures are stylized and vary in size and complexity.

INFORME

ASUNTO: valoración da proposición económica e oferta relativa aos criterios de adjudicación avaliados mediante cifras ou porcentaxes, do concurso para a contratación do servizo de cafetería da estación de autobuses de Santiago de Compostela.

A mesa de contratación, reunida o día 22 de decembro de 2016 deu traslado da documentación xustificativa dos criterios avaliados mediante cifras ou porcentaxes dos licitadores que seguen no procedemento, aos efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos da puntuación correspondente.

- Jopabel, Sociedade Cooperativa Galega
- Ayaso Sainz Alberto 000569266 B SLNE

O prego de condicións, na cláusula 10.3.- Criterios de adjudicación, establece:

1) Oferta económica de aluguer da cafetería (0-55 puntos): a puntuación distribuirase de forma lineal entre todas as ofertas presentadas e aceptadas, sendo 0 puntos para a oferta que non mellore o canon mínimo mensual fixado por TUSSA e 55 puntos para a oferta que presente o maior canon mensual. Para cada unha das ofertas intermedias a puntuación será directamente proporcional á oferta presentada segundo a distribución anterior, e mediante a aplicación da seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación oferta} = \frac{\% \text{ alza de canon oferta a valorar}}{\% \text{ alza maior de canon oferta admitida}} \times \text{Puntuación máxima}$$

$\text{Puntuación oferta} = (\% \text{ alza de canon oferta a valorar}) / (\% \text{ alza maior de canon oferta admitida}) \times \text{Puntuación máxima}$

2) Melloras ofertadas:

Compromiso de apertura dos sábados (5 puntos): outorgaráselle 5 puntos a aquelas ofertas que se comprometan a abrir os sábados co horario de apertura mínimo dos días festivos.

Tendo en conta o antedito, procédese a analizar a oferta dos licitadores:

OFERTA ECONÓMICA (0-55 puntos)

O canon mensual presentado polos licitadores é o seguinte:

LICITADORES	CANON MENSUAL	PORCENTAXE DE ALZA
JOPABEL, S. COOP. GALEGA	1.100,00 €	10,00%
AYASO SAINZ ALBERTO 000569266 B SLNE	1.500,00 €	50,00%

Aplicando a fórmula establecida ás ofertas presentadas, obtense o seguinte resultado:

LICITADORES	FÓRMULA	PUNTUACIÓN
JOPABEL, S. COOP. GALEGA	$\frac{10,00\%}{50,00\%} \times 55$	11,00
AYASO SAINZ ALBERTO 000569266 B SLNE	$\frac{50,00\%}{50,00\%} \times 55$	55,00

MELLORAS OFERTADAS (5 puntos)

Como melloras valórase o compromiso de apertura dos sábados co horario de apertura mínimo dos días festivos. A puntuación de cada licitador é a seguinte:

LICITADORES	COMPROMISO APERTURA SÁBADOS	PUNTUACIÓN
JOPABEL, S. COOP. GALEGA	Si	5,00
AYASO SAINZ ALBERTO 000569266 B SLNE	Non	0,00

En base ao indicado, **A PUNTUACIÓN TOTAL DO SOBRE NÚMERO 2** é a que segue:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	MELLORAS	TOTAL
JOPABEL, S. COOP. GALEGA	11,00	5,00	16,00
AYASO SAINZ ALBERTO 000569266 B SLNE	55,00	0,00	55,00

Por todo o indicado, e de acordo co que establece o prego de condicións, a xuízo de quen informa, a empresa **AYASO SAINZ ALBERTO 000569266 B SLNE** é a que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa.

Para o caso de que a Mesa dea por ben motivado o presente informe, procederase de acordo coa cláusula 17 do prego de condicións, aos efectos de que a empresa AYASO SAINZ ALBERTO 000569266 B SLNE presente a documentación que recolle a devandita cláusula no prazo de 10 días naturais desde que reciba o requirimento do director xerente.

É canto teño a ben informar.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2016

*O TÉCNICO DE APARCADOIROS E
OUTRAS ACTIVIDADES DO TRANSPORTE,
Asdo./ Antonio Padín Tuimil*



MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA**ACTA DA 2ª XUNTANZA****SERVIZO DE CAFETERÍA DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES**
(procedemento aberto)

No Salón Verde da Casa Consistorial, reúnese a Mesa de Contratación, o 22 de decembro de 2016 ás 13.12 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Jorge Duarte Vázquez
Vogais: Don Xan Duro Fernández, representante de CA
Don Claudio Montiel Carracedo, representante do PP
Don Gonzalo Muíños Sánchez, representante do PSOE
Don Ruben Cela Díaz, representante do BNG
Don José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade
Don Antonio Padín Tuimil, técnico da Sociedade


Secretario: Don Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, secretario xeral do pleno

Asisten en representación das empresas: D. Alberto Ayaso Sainz (empresa Ayaso Sainz Alberto) e D. José Villar Blanco e D. Juan Antonio Sánchez Mancebo (empresa Jopabel, S. Coop. Galega).

Non asiste: Dona Inmaculada Viña Carregal

ORDE DO DÍA**1. Apertura do sobre nº 2, "proposición económica e oferta relativa aos criterios de adjudicación avaliados mediante cifras ou porcentaxes".**


A mesa de contratación procede á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adjudicación avaliados mediante cifras dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:



LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA		MELLORAS (compromiso apertura sábados)
	canon mínimo licitación 1.000 €/mes	Canon instalación máquinas vénding (opcional)	
JOPABEL, S. COOP. GALEGA	1.100,00 €	6 máquinas 300 €	Si
AYASO SAINZ ALBERTO 000569266 B SLNE	1.500,00 €	5 máquinas 250 €	Non

Finalmente acórdase o traslado da documentación dos licitadores admitidos ao técnico de TUSSA aos efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios avaliáveis mediante cifras ou porcentaxes.

Sen mais asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 13.17 horas. Dou fe.



MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA**ACTA DA 1ª XUNTANZA****SERVIZO DE CAFETERÍA DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES**
(procedemento aberto)

No Salón Verde da Casa Consistorial, réunese a Mesa de Contratación, o 19 de decembro de 2016 ás 13.46 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Jorge Duarte Vázquez

Vogais: Don Xan Duro Fernández, representante de CA
Don Claudio Montiel Carracedo, representante do PP
Don Gonzalo Muíños Sánchez, representante do PSOE
Don José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade
Don Antonio Padín Tuimil, técnico da Sociedade

Secretario: Don Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, secretario xeral do pleno.

Non asisten: Don Ruben Cela Díaz e Dona Inmaculada Viña Carregal.

ORDE DO DÍA**1. Apertura do sobre nº 1 “documentación xeral” do servizo de cafetería na estación de autobuses de Santiago.**

Dáse conta das ofertas presentadas, todas elas en prazo:

LICITADORES
JOPABEL, S. COOP. GALEGA
AYASO SAINZ ALBERTO 000569266 B SLNE

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

Acórdase fixar a Mesa de apertura do SOBRE nº 2 para o xoves 22 de decembro ás 13.00 horas.

Sen mais asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 13.48 horas. Dou fe.

